SECRETARÍA XERAL
Pazo provincial, Avda. Montero Ríos, s/n,
36071 Pontevedra
Teléfono: +34 986 804 100
secretaria.xeral@depo.gal • www.depo.gal

A C T A

Da sesión ordinaria, en primeira convocatoria, celebrada polo Pleno desta Deputación o día,

25 de setembro de 2026

No Salón de sesións da Deputación Provincial de Pontevedra, sendo as doce horas e sete minutos do día vinte e cinco de setembro de dous mil vinte e seis, baixo a presidencia do Ilmo. Sr. Presidente D. Luis López Diéguez (PP), reuníronse as/os Señoras/es deputadas/os electos D. Gregorio Luis Agís Gómez (PSdeG-PSOE), D. Roberto José Álvarez Carrero (PP), Dª. Paula Bouzós Barros (PP), Dª. Belén Cachafeiro Anta (PP), D. Juan Pablo Castillo Amigo (PP), D. Jorge Cubela López (PP), D. Rafael Domínguez Artime (PP), D. Paco Ferreira González (PSdeG-PSOE), D. Gorka Gómez Díaz (PSdeG-PSOE), D. Carlos Gómez Prado (PSdeG-PSOE), D. Marcos Guisasola Padín (PP), Dª. Ana Laura Iglesias González (PSdeG-PSOE), D. Javier Iglesias Mougán (PSdeG-PSOE), Dª. Beatriz Lomba Rodríguez (BNG), D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso (PP), D. Ricardo Martínez Chantada (PP), Dª. Ana María Mejías Sacaluga (PSdeG-PSOE), D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo (BNG), Dª. María Ortega Iñarrea (BNG), Dª. María Pilar Ramallo Vázquez (PP), Dª. Digna Rosa Rivas Gómez (PSdeG-PSOE), Dª. María Manuela Rodríguez Pumar (BNG), Dª. Nuria Rodríguez Rodríguez (PSdeG-PSOE), Dª. Luisa Sánchez Méndez (PP), D. Javier Tourís Romero (PP), D. Jesús Vázquez Almuíña (PP), co obxecto de celebrar sesión ordinaria, do Pleno da Deputación, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto a Secretaria, Dª. María Beatriz del Cerro del Río, e está presente o Sr. Interventor, D. Antonio Graña Gómez.

As intervencións desta sesión quedarán recollidas no Diario de sesións (Vídeo actas), de acordo co disposto no artigo 29 do Regulamento Orgánico desta Deputación.
Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):KYFEI8F33IR4ONAM

1.8728.- ACTA ANTERIOR

Acceso ás intervencións:
https://depontevedra.seneca.tv:443/s/iFzqIOrprnDr3yFflCIKvdEVKiNOVH5GJ080YyEijkoVowsd

Acórdase, por unanimidade, aprobar o borrador da acta da anterior sesión extraordinaria, en substitución de ordinaria de agosto, do 11 de setembro.

a) Parte resolutiva:

2.8729.- APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚMERO 8/2026 (EXPTES. 2026067514-2026065310)

Acceso ás intervencións:
https://depontevedra.seneca.tv:443/s/ahYueOnjbhuwr2svCKfZBOaBrNcdsXDnM437bUvGxdWlghpu

O Deputado delegado de Xestión Tributaria, Patrimonio, Formación e Emerxencias en virtude das delegacións acordadas na Resolución Presidencial nº 2025008021, de data 3 de outubro de 2025, propón ao Pleno a aprobación do expediente de modificación de crédito número 08/2026. Este expediente inclúe créditos extraordinarios (EXT. 08/26) por importe de 313.400,00 euros, suplementos de créditos (SUP.07/26) por importe de 2.705.804,60 euros e a modificación do Anexo II das bases de execución.

Resultando que a tramitación deste expediente está motivado pola necesidade de realizar gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte por non existir consignación suficiente no estado de gastos do orzamento corrente, financiándose parte dos Suplementos de Créditos con Baixas por Anulación e o resto con aforro propio procedente de exercicios anteriores, é dicir, con remanente líquido de tesourería para gastos xerais.

Resultando que esta Intervención emite informe de data 15 de setembro de 2026, no que indica que o expediente cumpre cos requisitos previstos na normativa de aplicación, tanto en relación cos gastos que se pretenden

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):KYFEI8F33IR4ONAM

financiar como cos recursos que os financian e que a súa tramitación respecta o equilibrio orzamentario.

Considerando o disposto nos artigos 177, 179 e 180 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; nos artigos 34 a 38 e 40 a 42 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, nos artigos 2, 3, 11, 27 e demais concordantes da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e nas bases de execución do orzamento, en canto a competencia e tramitación a seguir para a aprobación do expediente de modificación de crédito número 08/2026.

O Pleno, de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, acorda por maioría, cos votos a favor do PP e coas abstencións do PSdeG-PSOE e do BNG:

Primeiro: Aprobar o expediente de modificación de crédito número 08/2026 da Deputación de Pontevedra. Este expediente inclúe créditos extraordinarios (EXT. 08/26) por importe de 313.400,00 euros e outro de suplementos de créditos (SUP. 07/26) por importe de 2.705.804,60 euros. O detalle do expediente e o seu financiamento é o seguinte:

1.- Créditos Extraordinarios "EXT. 08/26":

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
240-2415-120.51	Soldo func. interinos sen praza _PROMOCIÓN DE EMPREGO (2600009. ERASMUS+ 2026)	30.000,00 €
240-2415-120.52	Trienios func. interinos sen praza _PROMOCIÓN DE EMPREGO (2600009. ERASMUS+ 2026)	2.400,00 €
240-2415-120.53	Paga extra func. interinos sen praza _PROMOCIÓN DE EMPREGO (2600009. ERASMUS+ 2026)	7.900,00 €
240-2415-120.90	O. Retribucións, Melloras, I.T. _PROMOCIÓN DE EMPREGO (2600009. ERASMUS+ 2026)	800,00 €
240-2415-121.51	C. Destino Func. Interinos sen praza _PROMOCIÓN DE EMPREGO (2600009. ERASMUS+ 2026)	20.000,00 €
240-2415-121.52	C. Específico Func. Interinos sen praza _PROMOCIÓN DE EMPREGO (2600009. ERASMUS+ 2026)	20.000,00 €
240-2415-160.00	Seguridade Social_PROMOCIÓN DE EMPREGO (2600009. ERASMUS+ 2026)	25.300,00 €
240-2415-224.03	Primas de seguros _PROMOCIÓN DE EMPREGO (2600009. ERASMUS+ 2026)	30.000,00 €
240-2415-226.02	Publicidade e propaganda _PROMOCIÓN DE EMPREGO (2600009. ERASMUS+ 2026)	5.000,00 €

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):KYFEI8F33IR4ONAM

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
240-2415-226.99	Outros gastos diversos _PROMOCIÓN DE EMPREGO (2600009. ERASMUS+ 2026)	5.000,00 €
240-2415-227.06	Estudios e traballos técnicos _PROMOCIÓN DE EMPREGO (2600009. ERASMUS+ 2026)	25.000,00 €
240-2415-230.20	Axudas de custo _PROMOCIÓN DE EMPREGO (2600009. ERASMUS+ 2026)	2.000,00 €
240-2415-231.20	Locomoción _PROMOCIÓN DE EMPREGO (2600009. ERASMUS+ 2026)	5.000,00 €
410-3420-624.01	ELEMENTOS DE TRANSPORTE_ MEDIO AMBIENTE. (Vehículo mantemento C .Fútbol)	120.000,00 €
942-9220-452.00	A FUNDACIÓNS AUTONÓMICAS, "F. GALICIA EUROPA"_COOPERACIÓN (Cota socio 2026)	15.000,00 €
	Total Créditos Extraordinarios…	313.400,00 €

Financiamento do expediente Crédito Extraordinarios "EXT. 08/26":

Os Créditos Extraordinarios finánciansе con aforro propio procedente de exercicios anteriores, é dicir, con remanente líquido de tesourería para gastos xerais.

Contabilizándose as seguintes operacións:

CONCEPTOS DE INGRESO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
931-870,01	Remanente de Tesourería - Aplicado para financiar Créditos Extraordinarios (EXT. 08/26)…	313.400,00 €
	TOTAL INGRESOS…	313.400,00 €

2.- Suplementos de Créditos "SUP. 07/26":

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
233-2310-480.02	ATENCIÓNS A ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL_XUVENTUDE E R. DEMOGRÁFICO (Detalle: Modificación Anexo II das bases de execución)	10.000,00 €
330-3340-226.29	GASTOS DIVERSOS - ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN _CULTURA (Incremento programa Culturea)	200.000,00 €
340-3410-489.02	A FAMILIAS E INST. SEN FINS LUCRO, ESCOLAS DEPORTIVAS _DEPORTES (Detalle: Modificación Anexo II das bases de execución)	450.000,00 €
433-4320-462.04	SUBVENCIONS A E. LOCAIS (FESTAS) - TURISMO	7.000,00 €
433-4320-487.01	PARA EVENTOS SINGULARES DE INTERES TURISTICO_TURISMO (Detalle: Modificación Anexo II das bases de execución)	4.000,00 €

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):KYFEI8F33IR4ONAM

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
433-4320-632.03	MELLORAS EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUC. TURISMO (Actuacións de Conservación no Palacete das Mendoza)	404.654,60 €
410-4190-489.01	OUTRAS TRANSFERENCIAS VARIAS - MEDIO AMBIENTE (Detalle: Modificación Anexo II das bases de execución)	10.000,00 €
931-0110-352.01	XUROS DE DEMORA DE OBRIGAS NON FINANCEIRAS_INTERVENCIÓN	60.000,00 €
926-9260-626.01	EQUIPOS PARA PROCESOS DE INFORMACIÓN, ADQUISICIÓN - NNTT (Adquisición servidores para Base de Datos Oracle, Vxrail; switches de core do Centro de Proceso de Datos, Cisco Nexus; Renovación switches de rede)	1.560.150,00 €
	Total Suplementos de Créditos...	2.705.804,60 €

Financiamento do expediente Suplementos de Créditos "SUP. 07/26":

1. Por importe de 404.654,60€, correspondente ás Actuacións de "Conservación no Palacete das Mendoza", con baixas de créditos nas aplicacións 26/433-4320-632.03/2024 e 2025 previstos para o Prox. 2023025772 - Conservación no Palacete das Mendoza, cuxos créditos son reducibles sen perturbar a prestación das actividades previstas, debido a que a súa contratación quedou deserta.

Contabilizándose as seguintes operacións:

BAIXAS POR ANULACIÓN

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
433-4320-632.03/2024	MELLORAS EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUC. TURISMO (Prox. 2023025772 - Conservación no Palacete das Mendoza)	307.153,50 €
433-4320-632.03/2025	MELLORAS EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUC. TURISMO (Prox. 2023025772 - Conservación no Palacete das Mendoza)	97.501,10 €
	TOTAL...	404.654,60 €

2. O resto dos Suplementos de Créditos fináncianse con aforro propio procedente de exercicios anteriores, é dicir, con remanente líquido de tesourería para gastos xerais.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):KYFEI8F33IR4ONAM

Contabilizándose as seguintes operacións:

CONCEPTOS DE INGRESO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
931-870.02	Remanente de Tesourería - Aplicado para financiar Suplementos de Crédito (SUP. 07/26)...	2.301.150,00 €
	TOTAL...	2.301.150,00 €

Resumo do expediente:

TOTAL SUPLEMENTOS...	2.705.804,60 €
TOTAL CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS...	313.400,00 €
TOTAL BAIXAS POR ANULACIÓN...	-404.654,60 €
SUMA...	2.614.550,00 €

O Resumo das modificacións por capítulos son as seguintes:

ORZAMENTO DE INGRESOS

Capítulo 1º Impostos directos.	0,00 €
Capítulo 2º Impostos indirectos.	0,00 €
Capítulo 3º Taxas e outros ingresos.	0,00 €
Capítulo 4º Transferencias correntes.	0,00 €
Capítulo 5º Ingresos patrimoniais.	0,00 €
Capítulo 6º Alleamento de investimentos reais.	0,00 €
Capítulo 7º Transferencias de capital.	0,00 €
INGRESOS NON FINANCEIROS...	0,00 €
Capítulo 8º Activos financeiros.	2.614.550,00 €
Capítulo 9º Pasivos financeiros.	0,00 €
INGRESOS FINANCEIROS...	*2.614.550,00 €*
TOTAL VARIACIÓNS POR CAPÍTULOS...	2.614.550,00 €

ORZAMENTO DE GASTOS

Capítulo 1º Gastos de persoal.	106.400,00 €
Capítulo 2º Gastos en bens correntes e servizos.	272.000,00 €
Capítulo 3º Gastos financeiros.	60.000,00 €
Capítulo 4º Transferencias correntes.	496.000,00 €
Capítulo 6º Investimentos reais.	1.680.150,00 €
Capítulo 7º Transferencias de capital.	0,00 €
GASTOS NON FINANCEIROS...	2.614.550,00 €
Capítulo 8º Activos financeiros.	0,00 €
Capítulo 9º Pasivos financeiros.	0,00 €
GASTOS FINANCEIROS...	*0,00 €*

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):KYFEI8F33IR4ONAM

SECRETARÍA XERAL
Pazo provincial, Avda. Montero Ríos, s/n,
36071 Pontevedra
Teléfono: +34 986 804 100
secretaria.xeral@depo.gal • www.depo.gal

3. Modificación do Anexo II das bases de execución, modificando e engadindo como subvencións nominativas, as seguintes:

233 - XUVENTUDE E RETO DEMOGRÁFICO

APLICACIÓN/CIF	BENEFICIARIO/ FINALIDADE	CRÉDITO FINAL	Obxecto e finalidade
26/233.2310.480.02	ATENCIÓNS A ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL_XUVENTUDE E R. DEMOGRÁFICO	215.000,00 €	
G70303219	UNIÓN LEITEIRA GALEGA	10.000,00 €	RURAL EMERXE: XUVENTUDE E NOVAS NARRATIVAS EN PONTEVEDRA

340 - DEPORTES

APLICACIÓN/CIF	BENEFICIARIO/ FINALIDADE	CRÉDITO FINAL	Obxecto e finalidade
26/340.3410.489.02	A FAMILIAS E INST. SEN FINS LUCRO, ESCOLAS DEPORTIVAS _DEPORTES	1.888.000,00 €	
G36690832	Federación Galega de Balonmán	450.000,00 €	Colaborar na organización e desenvolvemento da Supercopa Ibérica Masculina, Supercopa de España Feminina, Actividades As Guerreiras e Partido Hispano Portugal.

433 - TURISMO

APLICACIÓN/CIF	BENEFICIARIO/ FINALIDADE	CRÉDITO FINAL	Obxecto e finalidade
26/433-4320-462.04	SUBVENCIONS A E. LOCAIS (FESTAS)_TURISMO	217.000,00 €	
P3606100J	Concello de Vilanova de Arousa	7.000,00 €	Festa do Mexillón e do Berberecho de Vilanova de Arousa
26/433-4320-487.01	PARA EVENTOS SINGULARES DE INTERÉS TURISTICO_TURISMO	39.000,00 €	
G26841007	ASOCIACIÓN CULTURAL E DEPORTIVA "OS DO BOSQUE"	4.000,00 €	ELEMENTOS ORNAMENTAIS, BOSQUE DE NADAL DE NOALLA

410 - MEDIO AMBIENTE

APLICACIÓN/CIF	BENEFICIARIO/ FINALIDADE	CRÉDITO FINAL	Obxecto e finalidade
26/410-4190-489.01	OUTRAS TRANSFERENCIAS VARIAS - MEDIO AMBIENTE	226.000,00 €	
G94114675	ASOCIACIÓN AGRARIA DE GALICIA	10.000,00 €	ESTUDIO SOBRE LA AFECTACIÓN DEL CAMBIO CLIMÁTICO EN SUBZONAS DE LA D.O. RÍAS BAIXAS

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):KYFEI8F33IR4ONAM

Segundo: Este expediente de modificación de créditos número 08/2026 que inclúe créditos extraordinarios (EXT. 08/26) por importe de 313.400,00 euros, suplementos de créditos (SUP.07/26) por importe de 2.705.804,60 euros e as modificacións do Anexo II das Bases de execución do orzamento, exporase ao público para os efectos de reclamacións, por un período de quince días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO).

As reclamacións, reparos ou observacións que se presenten serán estudados, no seu caso, polos servizos técnicos da Deputación de Pontevedra e posteriormente pola Comisión informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, que formulará ao Pleno a proposta de aprobación definitiva deste expediente.

Este acordo de aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 08/2026, entenderase definitivamente aprobado no caso de que no prazo de exposición pública non se formulasen reclamacións contra o mesmo.

3.8730.- APROBACIÓN DA PRÓRROGA DO PLAN PROVINCIA EXTRAORDINARIA–PLAN EXTRA (EXPTES. 2024062370-2026068719)

Acceso ás intervencións:
https://depontevedra.seneca.tv:443/s/TwoECFL0Br2lJivm5QnHdChF38ADitOqeE7wrswNnxFlSCo2

ANTECEDENTES

Na súa sesión extraordinaria do 18 de outubro de 2024, o Pleno da Deputación aprobou mediante o acordo núm. 2.8272 as bases reguladoras e a convocatoria do Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra, en diante Plan Extra, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 206 do 22 de outubro de 2024.

Tras advertirse un erro de feito no apartado 6.2.1.d) das mencionadas bases, procedeuse á súa corrección no acordo plenario núm. 16.8311, adoptado na

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):KYFEI8F33IR4ONAM

sesión ordinaria do 29 de novembro de 2024 e publicado no BOPPO núm. 240, de 11 de decembro de 2024.

Do mesmo xeito, o apartado quinto destas bases modificouse mediante o acordo plenario extraordinario núm. 2.8369, adoptado na sesión extraordinaria do 7 de marzo de 2025 e publicado no BOPPO núm. 51, polo que se acordou incrementar o crédito inicial en dous millóns setecentos noventa e nove mil trescentos dezaseis con cincuenta e seis céntimos (2.799.316,56 €), con cargo á aplicación orzamentaria 2025/942.9420.762.84, así como suprimir o segundo apartado da mencionada base quinta, que di: "O Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra non poderá ser obxecto de prórroga". Posteriormente, na sesión ordinaria do 25 de abril de 2025, mediante o acordo núm. 5.8396, modificouse a base quinta, que quedou redactada co seguinte teor literal: "(...)Os concellos, en atención á súa capacidade financeira, poderán financiar a súa parte nas anualidades 2025-2026 con cargo ao Plan +Provincia da anualidade correspondente".

As subvencións concedéronse na sesión extraordinaria do Pleno provincial do 7 de marzo de 2025, mediante o acordo núm. 3.8370.

O Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra está deseñado como unha ferramenta de apoio adicional en beneficio dos concellos, co obxectivo de que estes dispoñan dun mecanismo de axuda innovador adaptado ás súas necesidades, con capacidade financeira suficiente e dotado da maior flexibilidade para permitirlles afrontar os retos que a cidadanía demanda nos seus respectivos territorios locais e, por tanto, contribuír á potenciación do territorio provincial no seu conxunto e construír unha provincia máis forte e moderna, unha provincia onde vivir mellor e, en definitiva, con máis servizos e de maior calidade.

Trátase dun plan que xorde da necesidade de que as administracións orienten a súa planificación de investimentos cara a fins de relevancia estratéxica, co fin de equilibrar a prestación dos servizos en todo o territorio e de acadar investimentos atractivos que contribúan a mellorar as dinámicas demográficas e sexan investimentos públicos operativos, eficientes e transformadores, cun efecto positivo real no modelo de vida que queremos para a nosa veciñanza.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):KYFEI8F33IR4ONAM

O Plan Extra ten como beneficiarios 59 concellos da provincia con poboación inferior a 50.000 habitantes e estrutúrase en catro tipoloxías de investimento:

- Novas infraestruturas públicas (construción de edificacións, inmobles ou equivalentes; novos equipamentos, dotacións, instalacións ou outras análogas).
- Infraestruturas públicas existentes (rehabilitación, mellora, modernización e reforma).
- Intervención en espazos públicos urbanos ou naturais (humanización, urbanización, reurbanización, recuperación e mellora).
- Elementos necesarios para a recollida separada de biorresiduos de orixe doméstica (5.º contedor): compra de vehículos; compra de contedores; outros elementos necesarios para o cumprimento das obrigas establecidas no artigo 25.2 b) da Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular.

O financiamento do Plan Extra ascende a trinta e cinco millóns de euros (35.000.000,00 €), financiados con fondos propios da Deputación, imputables á aplicación orzamentaria 2026/942.9420.762.84.2024, e dous millóns setecentos noventa e nove mil trescentos dezaseis euros con cincuenta e seis céntimos (2.799.316,56 €), con cargo a un crédito extraordinario, imputable á aplicación orzamentaria 2026/942.9420.762.84.2025, o que fai un total de trinta e sete millóns setecentos noventa e nove mil trescentos dezaseis euros con cincuenta e seis céntimos (37.799.316,56 €).

Así mesmo, a base décimo sexta das reguladoras, relativa á execución dos investimentos, establece que estes deberán estar executados na súa totalidade o 31 de outubro de 2026 e xustificarse no prazo de cinco (5) meses desde a súa finalización, sen exceder, en todo caso, o 31 de marzo de 2027.

Non obstante, os investimentos propostos polos concellos ao abeiro do Plan Extra están suxeitos a certas dificultades administrativas derivadas da súa envergadura e do proceso para obter as autorizacións necesarias para levar a cabo as obras. Nesta situación atópase, entre outros, o Concello de Tui (expte. 2024077413), tal e como se recolle na súa solicitude de prórroga.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):KYFEI8F33IR4ONAM

A dilación na obtención das licenzas e dos permisos necesarios está a provocar retrasos no desenvolvemento dalgúns dos investimentos subvencionados, polo que se estima conveniente estender o prazo de execución e, consecuentemente, tamén o de xustificación, co fin de garantir que os concellos dispoñan do tempo suficiente para xestionar a realización das actuacións subvencionadas e cumprir coas cautelas impostas na normativa vixente.

A experiencia dos últimos anos evidencia o notable incremento na complexidade da xestión destes expedientes, que depende tanto do acerto das entidades interesadas en presentar a documentación coma da axilidade dos entes encargados á hora de emitir as autorizacións sectoriais.

Ademais, debe terse en conta que os beneficiarios das axudas son os concellos de menos de 50.000 habitantes e, polo tanto, aqueles con maiores carencias en materia de xestión. A falta de persoal e a obriga de velar pola correcta aplicación da lexislación en materia de termos e prazos para promover a concorrencia na contratación pública (sobre todo en proxectos de gran contía económica, coma os que están acollidos no Plan Extra) provocan atrasos nas fases de preparación e adxudicación dos contratos e, consecuentemente, a diminución do tempo dispoñible na fase de execución. Nesta situación atópanse os concellos de A Caniza (expte. 2024076712), Lalín (expte. 2024077429), O Campo Lameiro (expte. 2024077752), Tui (expte. 2024077413), A Guarda (expte. 2024076577) e Poio (expte. 2024076616).

Así mesmo, debido á envergadura dos investimentos, algúns concellos tiveron que solicitar outras axudas públicas, polo que se demoraron máis do previsto os trámites administrativos e, en consecuencia, se dilataron os procesos de licitación, o que fixo moi complicado cumprir os prazos de execución. Nesta situación atópase, entre outros, o Concello de Lalín (expte. 2024077429), de acordo coa súa solicitude de prórroga.

Por outra banda, a situación macroeconómica internacional ocasiona problemas de subministración de materiais en moitos contratos públicos. Tamén hai que ter en conta que os prezos das materias primas, necesarias para executar certas unidades de obra, se incrementaron enormemente no último ano, o que repercutiu de maneira moi importante nos contratos dos investimentos.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):KYFEI8F33IR4ONAM

Os contratistas están a evidenciar como se altera fortemente a economía dos contratos por mor do incremento dos custos, situación que non era previsible no momento da licitación e que está a retrasar a execución dos investimentos, polo que os concellos teñen que buscar formas de financiamento adicional.

Así mesmo, as condicións meteorolóxicas adversas rexistradas durante os meses de inverno do pasado ano, caracterizadas tanto polas elevadas precipitacións coma pola sucesión de fortes temporais, paralizaron temporalmente diversas obras. Esta circunstancia fixo necesario ampliar os prazos de execución unha vez que foi posible retomar os traballos, o que xerou demoras adicionais na realización dos investimentos por causas alleas ás empresas contratistas e aos propios concellos. Nesta situación atópase, entre outros, o Concello de Valga (expte. 2024076125), tal e como se pon de manifesto na correspondente solicitude de prórroga.

A todo isto hai que engadirlle que algúns concellos tiveron que reformular e modificar os seus proxectos técnicos presentados no momento da concesión, uns como consecuencia da necesidade de cumprir as cautelas impostas pola normativa sectorial, outros debido á necesidade de readaptar, na medida do posible, os proxectos aos prezos de mercado, outros para responder aos imprevistos xurdidos durante a execución dos traballos etc. Nesta situación atopáronse os concellos de Arbo (expte. 2024076221), Baiona (expte. 2024076982), Barro (expte. 2024077046), Bueu (expte. 2024077689), Cambados (expte. 2024076252), A Caniza (expte. 2024076712), Catoira (expte. 2024077084), Forcarei (expte. 2024076711), Fornelos de Montes (expte. 2024075865), O Grove (expte. 2024077742), A Guarda (expte. 2024076577), Lalín (expte. 2024077429), Marín (expte. 2024077077), Moaña (expte. 2024076249), Oia (expte. 2024077021), Poio (expte. 2024076616), Ponteareas (expte. 2024077026), Ribadumia (expte. 2024077780), Salvaterra de Miño (expte. 2024076511), Sanxenxo (expte. 2024077368), Soutomaior (expte. 2024077072), Tui (expte. 2024077413) e Vilanova de Arousa (expte. 2024077367), o que dificulta, e incluso impide en certos casos, o cumprimento do horizonte temporal que se recolle nas bases reguladoras.

Como consecuencia de todo o anterior, a día de hoxe ningún dos 59 concellos beneficiarios presentou a documentación xustificativa final. Así mesmo, ata

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):KYFEI8F33IR4ONAM

SECRETARÍA XERAL
Pazo provincial, Avda. Montero Ríos, s/n,
36071 Pontevedra
Teléfono: +34 986 804 100
secretaria.xeral@depo.gal • www.depo.gal

oito concellos solicitaron xa unha prórroga dos prazos establecidos, aos que poderían sumárselles outros que, aínda que polo momento non presentaron formalmente a súa solicitude, prevén ter que facelo ante as dificultades para cumprir os prazos inicialmente fixados.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Consideracións xurídicas

A finalidade do Plan Extra é axudarlles economicamente aos pequenos municipios para executar proxectos estratéxicos de grande envergadura co fin de suplir as súas carencias en infraestruturas e dotacións, polo que a extinción do programa debe producirse no momento no que se realice o investimento que fundamentou a concesión da axuda. Cómpre lembrar que, de acordo co artigo 8 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), a xestión das subvencións debe acomodarse ao principio de eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante. Deste modo, a non autorización da prórroga do programa ocasionaría a execución incompleta e deficiente de obras incluídas neste, o que iría en detrimento dos fins perseguidos.

Neste sentido, circunstancias sobrevidas e imprevisibles, non imputables á actuación da Deputación e dos concellos beneficiarios, están a producir retrasos na execución das obras incluídas no programa, o que implica que non se está a respectar o horizonte temporal previsto inicialmente nas bases.

En todo expediente de contido económico conflúen dous tipos de normas: de legalidade substantiva e de legalidade financeira, aplicables ás diferentes actuacións da Administración.

Desde o punto de vista xurídico, establécese que todos os actos deben ser sempre adoptados polo órgano competente. Desde o punto de vista económico, como se recolle no Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o órgano competente adoptará os actos de autorización, disposición, recoñecemento da obriga e proposta de pagamento no momento oportuno do procedemento.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):KYFEI8F33IR4ONAM

SECRETARÍA XERAL
Pazo provincial, Avda. Montero Ríos, s/n,
36071 Pontevedra
Teléfono: +34 986 804 100
secretaria.xeral@depo.gal • www.depo.gal

Os acordos de recoñecemento da obriga e libramento do crédito implican que previamente as actuacións subvencionadas deben estar rematadas na súa totalidade e xustificadas. Na conxuntura actual isto non será posible se non se estende a vixencia do programa.

Na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, prevese a ampliación de prazos, tanto de oficio coma a petición das persoas interesadas. De acordo co artigo 32, esta ampliación poderá acordarse antes do vencemento do prazo que se vai ampliar, se as circunstancias o aconsellan e non se prexudican dereitos de terceiras persoas, por un prazo que non exceda da metade do inicial. Así mesmo, no artigo 70 do Regulamento da LXS (RLXS) establécese que, salvo precepto en contrario contido nas bases reguladoras, o órgano concedente da subvención poderá acordar unha ampliación do prazo para presentar a xustificación que non exceda a metade deste.

O Plan Extra, segundo se sinala na base décimo sexta das reguladoras, estende a xustificación ata o 31 de marzo de 2027, polo que debe entenderse que o programa está vixente na actualidade.

Así mesmo, a prórroga do programa non produciría indefensión nin prexuízo ningún aos 59 concellos da provincia incluídos nel, dado que todos eles se benefician da ampliación dos prazos.

No artigo 70 do RLXS remítese ás normas do procedemento administrativo común, que esixen a motivación da ampliación de prazos. Queda recollido no expediente a concorrencia dos motivos que aconsellan esta ampliación, derivada de circunstancias sobrevidas e imprevisibles, que, en calquera caso, quedan fóra do control tanto da Deputación coma dos concellos.

Visto todo o anterior, considérase que, ao cumprirse o recollido en puntos anteriores, debería permitirse a prórroga do Plan Extra, xa que as circunstancias así o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiras persoas.

Competencia para resolver
Correspóndelle ao Pleno da Deputación, en virtude dos artigos 33 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e 70 do Real

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):KYFEI8F33IR4ONAM

decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, por ser o órgano que aprobou as bases no seu día.

Á vista dos antecedentes e consideracións expostas, con base na documentación relativa ao citado plan que obra no expediente e dos informes da Secretaría Xeral, de 21 de agosto de 2026 (CSV XTRS6H82IUKTBS7E), do xefe do Servizo de Cooperación, de 1 de setembro de 2026 (CSV QK2RIZG32QIAOEGV), da Intervención provincial, de 1 de setembro de 2026 (CSV 27JBXEHNJ6Z6IJ5L), e do ditame favorable da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais do 18 de setembro de 2026 (CSV TCSSRGE7HF1H50EA), o Pleno acorda por unanimidade a adopción dos seguintes acordos:

1.º Prorrogar o prazo de execución dos investimentos acollidos no Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra ata o 31 de xullo de 2027.

2.º Prorrogar o prazo de xustificación dos investimentos acollidos no Plan provincia Extraordinaria-Plan Extra ata o 30 de novembro de 2027.

4.8731.- ADXUDICACIÓN DO ACORDO MARCO QUE REXERÁ A CONTRATACIÓN DO SISTEMA DE IMPRESIÓN E DIXITALIZACIÓN PARA AS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA (EXPTES. 2026067513-2026048674-2025077421)

Acceso ás intervencións:
https://depontevedra.seneca.tv:443/s/Wx0hTxxwLarBhtcyGL4OGl8yFUvZt81XJ9SPcnIqmpMYWCzr

O pleno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 26 de xuño de 2026, aprobou o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto *do* Acordo marco que rexerá a contratación dun sistema de impresión e dixitalización para as entidades locais da provincia de Pontevedra.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):KYFEI8F33IR4ONAM

O procedemento convocouse mediante anuncio de licitación que foi enviado ao DOUE en data 26-06-2026 e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público con data 29-06-2026. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na sesión do día 30/07/2026 procedeu á apertura electrónica e calificación dos sobres "A", correspondentes á documentación administrativa, presentados polas empresas licitadoras, resultando admitidas as seguintes empresas:

- BIGO SOLUCIONES INFORMATICAS S.L.(CIF B27870146)
- CANON ESPAÑA S.A.U. (CIF A28122125)
- SOLITIUM S.L.(CIF B50570571)

A Mesa de Contratación na reunión do día 30 de xullo de 2026 tamén procedeu á apertura electrónica dos sobres "B", correspondentes á documentación avaliable mediante criterios non automáticos, presentados polas empresas que resultaron admitidas, e acordou trasladar dita documentación ao persoal técnico do servizo de Novas Tecnoloxías para a súa valoración.

Con data 03/08/2026, a Xefa do servizo de Novas Tecnoloxías emitíu o correspondente informe relativo á valoración da documentación técnica presentada polas empresas licitadoras con (CSV: J73QNWZ9X4XO2OQP), sendo as puntuacións outorgadas as seguintes:

CRITERIO	Máximo	CANON	SOLITIUM	BIGO
Descrición detallada do servizo	*20,00*	*17,50*	*16,50*	*14,00*
Proposta de metodoloxía e xestión de incidencias para a prestación do servizo	8,00	7,50	6,50	6,00
Plan de traballo	7,00	5,50	6,00	5,00
Plan de formación	5,00	4,50	4,00	3,00
Equipos, accesorios e software a subministrar	*10,00*	*9,50*	*8,00*	*6,50*
TOTAIS	30,00	27,00	24,50	20,50

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):KYFEI8F33IR4ONAM

En base a dito informe a Mesa de Contratación, na sesión do día 06/08/2026 prestou conformidade ás puntuacións acadadas, e procedeu á apertura electrónica dos sobres "C", correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, das empresas que resultaron admitidas e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios non avaliables mediante fórmulas.

Os valores ofertados constan no certificado da mesa de contratación con (CSV: R0ZECSRDCPXFXUL9).

Unha vez realizado o exame das ofertas presentadas polas empresas, obsérvase que, de conformidade co establecido no Anexo III do prego de condicións económico-administrativas que rexe o procedemento, as propostas das empresas SOLITIUM SL , Canon España SAU e Bigo Soluciones Informáticas SL presentan un valor anormal ou desproporcionado no referente ao prezo total ofertado, polo que se lles requiriu que xustifiquen a súa oferta, e precisen as condicións da mesma, en particular no que se refire ao aforro económico, as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables das que dispoñan para executar a prestación.

As empresas SOLITIUM SL , Canon España SAU e Bigo Soluciones Informáticas SL presentaron a xustificación requirida sendo traslada ao persoal técnico do Servizo de Novas Tecnoloxías para a súa valoración.

Con data 27/08/2026 a Xefa do Servizo de Novas Tecnoloxías emitiu informe con (CSV: OS0SH5OJM6JOLSO5), no que se conclúe que "*Unha vez analizadas as alegacións sobre as ofertas anormalmente baixas presentadas polas empresas*: *CANON ESPAÑA S.A, SOLITIUM NOROESTE S.L.U e BIGO SOLUCIONES INFORMATICAS, S.L., segundo o artigo 149 da lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, considéranse suficientes e razoadas as xustificacións realizadas polas mesmas, polo que se informa favorablemente".*

Unha vez feitas as valoracións de conformidade cos criterios establecidos no prego de cláusulas administrativas, a Mesa de contratación na sesión do día 3 de setembro de 2026 acorda aprobar a clasificación das ofertas, que queda da seguinte forma:

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):KYFEI8F33IR4ONAM

	CANON ESPAÑA SAU	SOLITIUM SL	BIGO SOLUCIONES INFORMATICAS SL
TOTAL PUNTUACIÓN SOBRE B	27,00	24,50	20,50
TOTAL PUNTUACIÓN SOBRE C	61,94	43,81	44,11
TOTAL PUNTUACIÓN (B+C)	88,94	68,31	64,61
CLASIFICACIÓN	1ª	2ª	3ª

Así mesmo acorda propor ó órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento da documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do Acordo marco a empresa CANON ESPAÑA S.A.U. (CIF A28122125) polos prezos e valores ofertados por dita empresa.

Visto que o persoal técnico do servizo de Contratación, con data 03/09/2026, comproba que a empresa Canon España SA atópase inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público. Dito certificado acredita a tenor do nel reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, e demais circunstancias inscritas, así como a non existencia de prohibicións de contratar. Así mesmo compróbase que se atopa ao corrente das súas obrigas coa AEAT e coa Seguridade Social e de alta no IAE.

Mediante Resolución Presidencial número 2026007107 a Presidencia por delegación do Pleno acepta a proposta da Mesa de Contratación e require a empresa CANON ESPAÑA SAU (CIF A-28.122.125) que presenta a mellor oferta, cumprindo co establecido nos pregos reguladores do procedemento, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a restante documentación, de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP:

A empresa CANON ESPAÑA SAU (CIF A-28.122.125) presentou a documentación requirida a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Rexistro entrada WEB2026069735), cumprindo cos requisitos

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):KYFEI8F33IR4ONAM

establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia.

Tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indicarase o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que no seu apartado 2, establece que corresponde ó Pleno actuar coma órgano de contratación neste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª.3 onde figura que lle compete ó Pleno a disposición e autorización dos gastos precisos para o presente expediente de contratación.

O Pleno de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda acorda por maioría, cos votos a favor do PP e coas abstencións do PSdeG-PSOE e do BNG:

Adxudicar o Acordo marco que rexerá a contratación dun sistema de impresión e dixitalización para as entidades locais da provincia de Pontevedra á empresa CANON ESPAÑA SAU (CIF A-28.122.125) polos seguintes prezos e valores ofertados:

1.- Prezo por copia:

CONCEPTO	Prezo máximo por copia (sen IVE)	Prezo ofertado por copia (sen IVE)
Copias branco/negro	0,003 €	0,0000000001 €
Copias cor	0,04 €	0,02423 €

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):KYFEI8F33IR4ONAM

2.- Prezo da unidade de licenza para a solución do software de xestión.

CONCEPTO	Prezo máximo por unidade de licenza/mes (sen IVE)	Prezo ofertado por unidade de licenza/mes (sen IVE)
Solución avanzada	30,00 €	9,55 €

3.- Prezos de arrendamento mensual por unidade e tipo de dispositivo ofertados, (en euros/sen IVE):

PREZO	EQUIPO I1	EQUIPO I2	EQUIPO I3	EQUIPO I4	EQUIPO I5
PREZO EQUIPO	9,87 €	13,24 €	31,90 €	59,26 €	78,23 €
PREZO BANDEXA DE PAPEL OPCIONAL A4 500 FOLLAS	2,50 €	4,16 €	3,47 €	13,89 €	14,95 €
PREZO MOBLE ACCESORIO	2,00 €	2,00 €	3,43 €	Non aplicable	Non aplicable
PREZO FINALIZADOR OPCIONAL 500 FOLLAS, 1 POSICIÓN GRAMPADO	Non aplicable	Non aplicable	5,00 €	5,00 €	5,00 €
PREZO FINALIZADOR OPCIONAL 1000 FOLLAS, 3 POSICIÓNS DE GRAMPADO	Non aplicable	Non aplicable	Non aplicable	19,92 €	19,92 €
PREZO DOS LECTORES DE TARXETAS	Non aplicable	Non aplicable	2,00 €	2,00 €	2,00 €
PREZO DA PLACA DE FAX	Non aplicable	Non aplicable	5,00 €	11,33 €	8,00 €

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):KYFEI8F33IR4ONAM

4.- Velocidade dos equipos de impresión para as copias en branco e negro medido en páxinas por minuto (PPM):

CRITERIO	EQUIPO I1	EQUIPO I2	EQUIPO I3	EQUIPO I4	EQUIPO I5
VELOCIDADE DE IMPRESIÓN (PPM) para as copias en b/n	43 ppm	33 ppm	33 ppm	26 ppm	60 ppm

5.- Tempo da primeira impresión en branco e negro:

CRITERIO	EQUIPO I1	EQUIPO I2	EQUIPO I3	EQUIPO I4	EQUIPO I5
Tempo de impresión para a primeira páxina en b/n (Indicar o número de segundos especificados polo fabricante para cada tipo de equipo ofertado)	5,7 segundos	5,3 segundos	5,7 segundos	6,1 segundos	2,9 segundos

6.-Tempo da primeira impresión en cor.

CRITERIO	EQUIPO I1	EQUIPO I2	EQUIPO I3	EQUIPO I4	EQUIPO I5
Tempo de impresión para a primeira páxina a cor (Indicar o número de segundos especificados polo fabricante para cada tipo de equipo ofertado)	Non aplica	6,3 segundos	6,3 segundos	8,4 segundos	4,2 segundos

7.- Cifrado dos discos duros dos equipos acorde á normativa ISO/IEC 19790:

Os equipos de impresión ofertados que incorporen disco duro dispoñen dun módulo criptográfico para o cifrado de almacenamento que cumpra cos requisitos de seguridade da norma internacional ISO/IEC 19790 (Tecnoloxía da información — Técnicas de seguridade — Requisitos de seguridade para os criptográficos), para un nivel de seguridade mínimo Nivel 2.	SI

8.- Tempo de quecemento dos equipos ofertados inferior a 15 segundos:

Os equipos de impresión ofertados dispoñen dun tempo de quecemento inferior a 15 segundos.	SI

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):KYFEI8F33IR4ONAM

9.- Resolución superior a 2400 x 2400 ppp nos equipos ofertados para o "tipo 5":

Os equipos de impresión ofertados para o tipo 5 dispoñen dunha resolución superior a 2400 x 2400 ppp.	SI

10.- Mellora do nivel de conformidade co Esquema Nacional de Seguridade da solución ofertada:

A empresa licitadora acredita que os sistemas, plataformas, aplicacións ou servizos tecnolóxicos directamente adscritos á execución do contrato dispoñen de conformidade co Esquema Nacional de seguridade en categoría ALTA e dita conformidade cubre de forma suficiente as prestacións do contrato.	SI

Prazo de duración

O prazo de duración do Acordo marco é de 4 anos contados desde a súa formalización.

Os contratos derivados, que poderán adxudicarse polas entidades locais da provincia interesadas durante a vixencia do Acordo marco, fixarán o prazo concreto de duración, o cal deberá formularse en meses, sen que poida ser inferior a 12 meses e sen que poida superar o período de vixencia do Acordo marco.

Os contratos derivados poderán prorrogarse por períodos mínimos de 12 meses sen que en ningún caso poidan exceder do período de vixencia do Acordo marco.

Financiamento:

O Acordo marco non supón obriga económica ningunha para a Deputación de Pontevedra, xa que as obrigas económicas serán as que resulten dos contratos derivados que adxudiquen as entidades locais ao abeiro do Acordo marco, que se axustarán aos prezos máximos previstos no prego, axustados, no seu caso, á oferta da empresa parte do Acordo marco. Os contratos derivados serán financiados polas entidades locais que os adxudiquen, con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes que acorden os seus órganos de contratación.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):KYFEI8F33IR4ONAM

Forma de pagamento: PARCIAL

Fitos de facturación:

Os pagos á empresa adxudicataria por parte das entidades adheridas ao Acordo marco serán abonados con periodicidade mensual, con todo queda en mans das partes asinantes do contrato derivado fixar unha periodicidade de pago distinta. Estes pagos contemplarán na cota os seguintes conceptos: -Pago por copia/impresión (branco e negro, color). -Pago por arrendamento e mantemento de equipos. -Pago por unidade de licenza para a solución de software de xestión avanzada (opcional). O pago dos contratos derivados realizarase en base aos prezos unitarios fixados na adxudicación do Acordo marco coa empresa seleccionada, que deberá presentar as preceptivas facturas conforme lle indiquen as entidades locais adxudicadoras dos respectivos contratos derivados. As facturas serán aboadas con periodicidade mensual, e corresponderanse coa suma dos seguintes conceptos: – Pago por copia: cada pago mensual contemplará unha parte da cota correspondente ao número de copias realizadas nese mes. – Pago por arrendamento e mantemento: a outra parte da cota mensual contemplará a contía correspondente ao aluguer dos equipos e accesorios opcionais, incluíndo o mantemento por parte do adxudicatario. -Pago por unidade de licenza para a solución de software de xestión avanzada (Opcional). O custo mensual desta solución será o resultado de multiplicar o importe da unidade de licenza polo número de dispositivos que a entidade local necesita licenciar para o sistema de impresión.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura:

As facturas deberán presentarse pola empresa adxudicataria nos termos que indiquen as correspondentes entidades locais que adxudiquen cada un dos contratos derivados.

Responsable do contrato: a Xefa do Servizo de Novas Tecnoloxías.

A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá á súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):KYFEI8F33IR4ONAM

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

5.8732.- APROBACIÓN DEFINITIVA DO PROXECTO CONSTRUTIVO "MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP-5201 ARBO-CABEIRAS-BARCELA, DO PQ 0+000 AO PQ 0+200 (CONCELLO DE ARBO)", DO EXPEDIENTE DE EXPROPIACIÓN E RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS (EXPTE. 2026023792)

Acceso ás intervencións:
https://depontevedra.seneca.tv:443/s/vVbHsYp5mEyWWJfVNMhuTQstxKIR5HIumPB4tDsYWxPc2C9t

Antecedentes

1. Convenio

En data 25 de marzo de 2026 asinouse un convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, o Concello de Arbo e a Deputación de Pontevedra para a execución das obras de "Mellora da mobilidade peonil na EP-5201 Arbo–Cabeiras–Barcela, do PQ 0+000 ao PQ 0+200 (Concello de Arbo)". De conformidade co convenio formalizado, correspóndelle á Deputación tramitar e xestionar o expediente de expropiación e o importe total dos prezos xustos polos bens e dereitos afectados financiarase integramente polo Concello de Arbo.

2. Aprobación inicial do proxecto e do expediente expropiatorio.

O Pleno da Deputación na sesión de 29 de maio de 2026 acordou:

- Aprobar inicialmente o proxecto construtivo de "Mellora da mobilidade peonil na EP-5201 Arbo–Cabeiras–Barcela, do PQ 0+000 ao PQ 0+200 (Concello de Arbo)".

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):KYFEI8F33IR4ONAM

- Expoñer ao público o proxecto construtivo por medio de anuncio no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica da Deputación, para os efectos de reclamacións polo prazo de vinte días hábiles, entendéndose definitivamente aprobado de non producirse estas coa implícita declaración de utilidade pública da obra e da declaración da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados por esta.
- Aprobar a relación de bens e dereitos afectados pola expropiación e a tramitación do procedemento de expropiación.
- Expoñer ao público a relación de bens e dereitos afectados pola expropiación.
- Notificar individualmente ás persoas propietarias/titulares catastrais das parcelas obxecto de expropiación.

3. Información pública.

Publicáronse anuncios no Taboleiro de Edictos do Concello de Arbo (dende o 11 de xuño ao 10 de xullo de 2026), no BOPPO (12 de xuño de 2026), no BOE (12 de xuño de 2026), na Sede Electrónica da Deputación (do 12 de xuño ao 23 de agosto de 2026) e no xornal La Voz de Galicia o día 11 de xuño de 2026.

Os prazos de presentación de reclamacións fronte á aprobación do expediente de expropiación e do proxecto (15 e 20 días, respectivamente, contados dende a data da derradeira publicación) remataron o 22 de xullo de 2026.

Ademais, notificáronse individualmente a todas as persoas titulares catastrais dos bens e dereitos obxecto de expropiación.

4. Alegacións presentadas.

Presentáronse as seguintes alegacións durante o prazo establecido:

Data	Núm. Rexistro	Interesado
16.06.2026	WEB2026050685	Cristina Gómez Sousa
19.06.2026	2026016136	María Ángeles Estévez Martínez
07.07.2026	WEB2026056291	Perfecto Puga Gil
14.07.2026	WEB2026058314	Perfecto Puga Gil
07.08.2026	WEB2026063683	Perfecto Puga Gil

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):KYFEI8F33IR4ONAM

Consideracións legais e técnicas.

1ª.- Lexislación aplicable.

- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local (LBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.
- Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia (LEG).
- Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia (RXEG).
- Lei de 16 de decembro de 1954 sobre Expropiación Forzosa (LEF), e o seu Regulamento, aprobado por Decreto de 26 de abril de 1957 (RLEF).
- RD Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da lei do Solo e Rehabilitación Urbana (TRLSRU), e o RD 1492/2011, de 24 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de valoracións da Lei do Solo.
- Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF).
- Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen Disposicións mínimas de Seguridade e de Saúde nas obras de construción.

2ª.- Alegacións.

En data 7 de setembro de 2026, César Aja Chao, enxeñeiro de camiños e director de Infraestruturas da Deputación de Pontevedra, emite o seguinte informe (CSV: QF437ZQTWR8UW9CO):

Primeiro: En data 16 de xuño de 2026 Dª Cristina Gómez Sousa presenta un escrito no Rexistro Xeral da Deputación de Pontevedra (nº rex. WEB2026050685) no que solicita, por unha banda, que se teña en conta nos bens afectados a cancela da parcela e, por outra banda, que a Deputación

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):KYFEI8F33IR4ONAM

de Pontevedra, unha vez efectuadas as obras, realice o informe de validación gráfica e cantos trámites sexan necesarios ante catastro para reflexar a nova realidade da súa parcela.

Infórmase que os bens omitidos ou que non estean correctamente definidos no proxecto serán obxecto de alegación no levantamento de actas previas á ocupación, momento no que, se o interesado o desexa, poderá procederse ao replanteo da ocupación. Non obstante persoal técnico do Servizo de Infraestruturas contactará co afectado co fin de que, se o desexa, se realice un replanteo previo da superficie afectada co obxecto de definir os bens afectados coa expropiación.

No tocante ao informe de validación gráfica, infórmase que unha vez rematada a obra, a Deputación de Pontevedra remitirá os documentos necesarios á Dirección Xeral do Catastro para que se realicen as modificacións oportunas.

Polo indicado, estímase a alegación.

Segundo: En data 19 de xuño de 2026 ten entrada no Rexistro Xeral da Deputación de Pontevedra (nº rex. 2026013136) escrito de Dª Maria Ángeles Estévez Martínez no que, en síntese, solicita o mantemento do acceso de vehículos na súa parcela e que se proceda a restaurar a parcela 36001A04000657 ás súas condicións iniciais, isto é a realizar novamente o peche e a instalar un novo portal.

Infórmase que se manterán os accesos existentes, para o cal se realizarán na beirarrúa que se vai executar os rebaixes e adaptacións que sexan precisos.

De conformidade co punto 2 da disposición adicional primeira da lei 8/2013, de 28 de xuño, de Estradas de Galicia, "As edificacións, instalacións e peches preexistentes que se vexan afectados polas obras de reforma da estrada e que conten con autorización, sempre que lles for esixible, poderán ser repostos, no prazo máximo de tres anos dende a data de finalización contractual da obra que os afectou, pola persoa propietaria ou pola administración titular da actuación, coas mesmas características que tiveran e, en todo caso, fora da zona de dominio público". O procedemento

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):KYFEI8F33IR4ONAM

expropiatorio conleva a valoración e abono dos bens e dereitos afectados, podendo o propietario repor os peches ao seu cargo.

Polo indicado, desestímase a alegación.

Terceiro: En data 7 de xullo de 2026 ten entrada no Rexistro Xeral da Deputación de Pontevedra (nº rex. WEB2026056291) escrito de D. Roberto Mera Covas en representación de D. Perfecto Puga Gil no que describe tres alternativas de trazado para a realización do cambio de sentido, indicando que deste xeito non sería necesaria a ocupación de terreos na súa parcela. O escrito expón tamén a existencia de erros na determinación dos bens afectados.

En data 17 de xullo de 2026 ten entrada no Rexistro Xeral da Deputación de Pontevedra (nº rex. WEB2026058314) outro escrito de D. Roberto Mera Covas en representación de D. Perfecto Puga Gil no que, ademais do anterior solicita os planos do proxecto en formato dixital e máis unha reunión presencial. A reunión solicitada tivo lugar o día 23 de xullo de 2026 e en representación da Deputación de Pontevedra asistiu a enxeñeira de camiños do Servizo de Infraestruturas María del Mar González Estévez. Na antedita reunión foron facilitados ao peticionario os planos solicitados.

En data 7 de agosto de 2026 ten entrada no Rexistro Xeral da Deputación de Pontevedra (nº rex. WEB2026063683), novo escrito de D. Roberto Mera Covas en representación de D. Perfecto Puga Gil no que solicita a modificación do proxecto nos termos que se propoñen na restante documentación que achega.

En canto á existencia de erros na determinación dos bens afectados, infórmase que os bens omitidos ou que non estean correctamente definidos no proxecto serán obxecto de alegación no levantamento de actas previas á ocupación, momento no que, se o interesado o desexa, poderá procederse ao replanteo da ocupación. Non obstante persoal técnico do Servizo de Infraestruturas contactará co afectado co fin de que, se o desexa, se realice un replanteo previo da superficie afectada co obxecto de definir os bens afectados coa expropiación.

Por outra banda, estudada a alternativa achegada polo interesado no seu último escrito, os servizos técnicos conclúen que a proposta se basea nun

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):KYFEI8F33IR4ONAM

vehículo patrón que non é o indicado na normativa española e formula unhas dimensións xeométricas que vulneran os mínimos de seguridade e funcionalidade establecidos na Norma 3.1 IC e na Orde Circular 32/2012, polo que se desbota a alternativa proposta polo interesado e se ratifica a solución do proxecto orixinal.

Polo indicado, desestímase a alegación.

3ª Aprobación definitiva do proxecto.

O Pleno, con quórum de maioría simple, é o órgano competente para a aprobación inicial e definitiva do proxecto coas declaracións implícitas que supón para os efectos de expropiación.

Non é preceptivo o informe de Secretaría, tal e como se sinala no seu informe de data 16 de abril de 2026. A Intervención Xeral informou favorablemente a proposta de aprobación do proxecto o 14 de maio de 2026.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da LEF entenderanse co Ministerio Fiscal as dilixencias correspondentes as parcelas cuxos titulares non recolleron as notificacións individuais e non compareceron.

Polo que antecede e de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Infraestruturas, Equipamentos Públicos e Mobilidade, o Pleno acorda por unanimidade a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar definitivamente o proxecto construtivo de "Mellora da mobilidade peonil na EP-5201 Arbo–Cabeiras–Barcela, do PQ 0+000 ao PQ 0+200 (Concello de Arbo)", cun orzamento de 372.132,51€ e 35.616,12€ en concepto de expropiacións.

Segundo.- Estimar as alegacións presentadas por Cristina Gómez Sousa.

Terceiro.- Desestimar as alegacións presentadas por María Ángeles Estévez Martínez e Perfecto Puga Gil.

Cuarto.- Aprobar definitivamente o expediente de expropiación, declaración de utilidade pública e urxente ocupación dos bens e dereitos conforme á relación que se detalla no Anexo I entendéndose as dilixencias co Ministerio Fiscal en representación das persoas titulares das parcelas que non

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):KYFEI8F33IR4ONAM

recolleron as notificacións individuais e non compareceron no procedemento.

Anexo.- Relación de bens e dereitos afectados pola expropiación.

PARC. NÚM.	REF. CATASTRAL	SUPERFICIE EXPROPIACIÓN (m^2)	BENS
1	36001A06000490	41,00	34,00 ml. de peche de arame e postes de formigón
2	36001A04000655	2,00	
3	36001A04000673	10,00	1 ud. De portal de 2 follas 10,00 m^2 de soleira de formigón 8,00 ml. de peche de verxa metálica, postes de pedra e muro de bloque de formigón 2,5 m^2 de peche de muro de bloque de formigón
4	36001A04000656	14,00	14,00 m^2 de soleira de formigón 3,00 ud. De poste de formigón 12,00 m^2 de cuberta de fibrocemento sobre postes de formigón
5	36001A04000657	30,00	1 ud. De portal de 2 follas 31,00 ml. de peche de rede metálica con postes de pedra, zócalo de bloques de formigón e formación de emparrado con tubo metálico e arame
6	36001A06000480	385,00	
7	36001A04000607	21,00	1 ud. Cancela de 2 follas 16,00 ml. de peche de arame metálico con postes de pedra e zócalo de pedra
8	36001A04000605	26,00	13,00 ml. de peche de verxa metálica con postes de formigón e zócalo de perpiaño. 26,00 m^2 de soleira de formigón 1,00 ud. Portal de corredoira
9	36001A06000556	99,00	
10	36001A06000552	58,00	1,00 ud. de castiñeiro
11	36001A06000478	274,00	
12	36001A06000479	96,00	20,00 m^2 verxa metálica 40,00 m^2 peche de bloque de formigón 2,00 ud. árbore 6 ud. plantas
13	36001A04000604	10,00	14,00 ml. peche de rede metálica con postes de formigón e zócalo de bloque de formigón 1,00 ud. portal de 1 folla 1,00 ud. limoeiro

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):KYFEI8F33IR4ONAM

6.8733.- PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA PARA A AMPLIACIÓN DA RELACIÓN DE CARGOS POLÍTICOS CO RÉXIME DE DEDICACIÓN EXCLUSIVA (EXPTES. 2026067793-2025070722)

Acceso ás intervencións:
https://depontevedra.seneca.tv:443/s/YMj7graMrUIlpKkIo9XBZbirVc28LobfKViOQeGu6OAdGKU5

Vista a proposición da Presidencia de data 15/09/2026, de ampliación do número de cargos políticos co réxime de dedicación exclusiva, de conformidade co disposto nos artigos 75 e 75 bis da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL), 225 da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, 13 do Real decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF); así como artigos 176 do RDL 781/86, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL), o Pleno, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, acorda por maioría, cos votos a favor do PP e coas abstencións do PSdeG-PSOE e do BNG, modificar a relación de cargos da Corporación Provincial co réxime de dedicación exclusiva para incluír o seguinte:

Grupo Político	CARGO	Nº	% Dedicación	RETRIBUCIÓN ANUAL	RETRIBUCIÓN 3 MESES	Custo Patronal 3 MESES
PP	Dedicación exclusiva	1	100%	74.157,57 €	18.539,39 €	6.114,29 €

A asignación desta dedicación terá efectos dende a data de aceptación do cargo.

O nomeamento para este cargo deberá ser aceptado expresamente, tal e como dispón o citado artigo 13 do ROF. De ser así terá que comunicarse esta circunstancia ó Pleno na seguinte sesión ordinaria.

O custo laboral total do período comprendido entre o 01/10/2026 e o 31/12/2026 ascende a 18.539,39€ en concepto de retribucións e a 6.114,29€ en

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):KYFEI8F33IR4ONAM

concepto de seguridade social, cantidades que se imputarán ás aplicacións orzamentarias 26/900.9120.110.00 e 26/900.9120.160.01.

Unha vez aprobado o réxime desta nova dedicación, corresponde ó Presidente o nomeamento do membro da Corporación que pasará a desempeñar o devandito cargo.

Este acordo será publicado na forma prevista no apartado 5 do artigo 75 da LRBRL, e no portal de transparencia da Deputación, en cumprimento do estipulado no artigo 8.1 f) da Lei 19/2013 de 9 de decembro.

Nestes intres, sendo as trece horas e once minutos, auséntase da sesión o deputado don Rafael Domínguez Artime.

7.8734.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR (PP) PARA INSTAR AO CONCELLO DE VIGO AO DESBLOQUEO DOS CONVENIOS PENDENTES DE ASINAR DO ANO 2026 QUE SUMAN 5 MILLÓNS DE EUROS (EXPTE. 2026068724)

Acceso ás intervencións:
https://depontevedra.seneca.tv:443/s/50rLySKGXd191s8ZAlOU4mGwHQP0kI2sQm9rUX3cI8xiBmFI

O Pleno, visto o ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais, acorda por maioría de votos a favor do PP, cos votos en contra do PSdeG-PSOE e coas abstencións do BNG, aprobar a Moción do Grupo Provincial do Partido Popular (PP) para instar ao Concello de Vigo ao desbloqueo dos convenios pendentes de asinar do ano 2026 que suman 5 millóns de euros, cuxo texto é o seguinte:

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Deputación Provincial de Pontevedra ten manifestado de forma reiterada e inequívoca a súa total disposición a investir na cidade de Vigo e a colaborar estreitamente co seu Concello. Non obstante, a veciñanza de Vigo atópase hoxe ante unha parálise incomprensible duns fondos públicos cruciais para

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):KYFEI8F33IR4ONAM

o desenvolvemento urbano debido, única e exclusivamente, ao empecinamento e ás trabas políticas interpostas polo alcalde de Vigo, Abel Caballero.

A situación administrativa e técnica dos convenios correspondentes ao presente exercicio 2026 demostra cal é a realidade dos feitos fronte ao relato do goberno local:

- Convenio de humanización da rúa Rosalía de Castro: aprobado pola Deputación e remitido oficialmente ao Concello de Vigo no mes de xuño. Conta cun orzamento da institución provincial de 1,7 millóns de euros.
- Convenio de humanización da rúa Doutor Carracido: aprobado pola administración provincial por importe de 2,1 millóns de euros. Enviado ao concello en agosto.
- Restan 1,2 millóns de euros por asignar para novas obras no municipio. A Deputación leva meses agardando a que o concello concrete a que actuacións quere destinar este diñeiro e, ante o seu absoluto silencio, a propia institución provincial tivo que formular propostas.

Cómpre subliñar que o convenio proposto é idéntico ao que xa foi aprobado e asinado polo Concello de Pontevedra, cuxos cidadáns xa desfrutan deses investimentos porque o seu goberno entendeu as regras elementais de lealdade institucional.

Esa colaboración entre administracións é a que fixo posible moitos dos investimentos que a Deputación comprometeu para Vigo durante o actual mandato, ata alcanzar cifras récord. E, tal como manifestou en reiteradas ocasións a representante provincial na cidade, Luisa Sánchez, existe a firme determinación de dar continuidade a esa aposta, coa garantía de que o Concello disporá doutros 5 millóns de euros para novos convenios a partir do 1 de xaneiro de 2027.

Por todo iso, o Grupo Provincial do Partido Popular na Deputación de Pontevedra presenta as seguintes:

PROPOSTA DE ACORDOS

1. Instar ao Concello de Vigo a que proceda de xeito inmediato á aprobación dos convenios de investimento de 2026 remitidos pola

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):KYFEI8F33IR4ONAM

Deputación de Pontevedra, relativos ás obras de humanización das rúas Rosalía de Castro e Doutor Carracido.

2. Instar ao Concello de Vigo a que presente á Deputación de Pontevedra a relación de actuacións e proxectos aos que desexa destinar os 1,2 millóns de euros do exercicio de 2026.

3. Instar ao Concello de Vigo a abandonar a estratexia de confrontación permanente e a traballar de xeito coordinado e leal coa Deputación de Pontevedra en beneficio da cidade."

8.8735.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA (PSdeG-PSOE) PARA RECLAMAR Á XUNTA DE GALICIA UN SISTEMA TRANSPARENTE, OBXECTIVO E EQUITATIVO NA DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS PROCEDENTES DO CANON DA AUGA E DO CANON DE XESTIÓN DAS DEPURADORAS (EXPTE. 2026068039)

Acceso ás intervencións:
https://depontevedra.seneca.tv:443/s/BjDUtW4FTdIZRZRbEVt5f6WHLCaYEVVX0RUm6jQMgS3wKMfo

O Pleno, visto o ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, acorda cos votos en contra do PP (co voto de calidade do Presidente) e cos votos a favor do PSdeG-PSOE e do BNG, rexeitar a Moción do Grupo Provincial Socialista (PSdeG-PSOE) para reclamar á Xunta de Galicia un sistema transparente, obxectivo e equitativo na distribución dos recursos procedentes do canon da auga e do canon de xestión das depuradoras.

9.8736.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA (PSdeG-PSOE) PARA ESIXIR DA DEPUTACIÓN QUE IMPULSE E EXECUTE AS ACTUACIÓNS PENDENTES NAS ESTRADAS PROVINCIAIS EP-4306 EN MONDARIZ E EP-2108 EN GONDOMAR (EXPTE. 2026068037)

Acceso ás intervencións:

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):KYFEI8F33IR4ONAM

https://depontevedra.seneca.tv:443/s/eCR4SQkaDtal32jttjWsFBiMsTPF9HR8NhKZEjpSdvgI04P1

O Pleno, visto o ditame da Comisión Informativa de Infraestruturas, Equipamentos Públicos e Moblidade, acorda cos votos en contra do PP (co voto de calidade do Presidente) e cos votos a favor do PSdeG-PSOE e do BNG, rexeitar a Moción do Grupo Provincial Socialista (PSdeG-PSOE) para esixir da Deputación que impulse e execute as actuacións pendentes nas estradas provinciais EP-4306 en Mondariz e EP-2108 en Gondomar.

10.8737.- ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA

Acceso ás intervencións:
https://depontevedra.seneca.tv:443/s/D4lpxJPRpccbW16dfwjXWApTq5Xk3tPhCzgQXgylGRkvOrBd

Non houbo.

b) Parte de información e control:

11.8738.- DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN SOBRE O PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES CORRESPONDENTE Ó MES DE AGOSTO DE 2026 (EXPTES. 2026067515-2026065934)

Acceso ás intervencións:
https://depontevedra.seneca.tv:443/s/nzHaIGfeDnNhxIaoiqNmFPswhYVjVTl7GBLwbNIupN8jcfIn

A Intervención elaborou un informe do período medio de pago a provedores da Deputación de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e Consorcio contra incendios do Deza e Tabeirós-Terra de Montes, correspondente ó mes de agosto de 2026, asinado pola Viceinterventora con data 7 de setembro de 2026 e polo Xefe do Servizo de Contabilidade e Auditoría con data 15 de setembro de 2026, onde se deixa constancia do seguinte:

"A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, introduce o concepto de período medio de pago como expresión do tempo de pago ou retraso no pago da débeda

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):KYFEI8F33IR4ONAM

comercial, de xeito que todas as Administracións Públicas, nun novo exercicio de transparencia, deberán facer público o seu período medio de pago que deberán calcular de acordo cunha metodoloxía común establecido no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas.

O período medio de pago mide o retraso no pago da débeda comercial en termos económicos, como indicador distinto respecto do período legal de pago establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

O artigo 6 do Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, en relación á publicidade do período medio de pago a provedores establece que as comunidades autónomas e as corporacións locais remitirán ó Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e publicarán periodicamente, de acordo co que se prevea na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, a información relativa ó seu período medio de pago a provedores referido, segundo corresponda, ao mes ou ao trimestre anterior.

Á vista deste precepto legal o servizo de Intervención elaborou o informe do período medio de pago a provedores da Deputación de Pontevedra e as entidades locais Escola Universitaria de Enfermería, Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e Consorcio do Deza Tabeirós correspondente ao mes de agosto de 2026 que se expón a continuación:

PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES AGOSTO 2026

Entidade	Mes	Ratio Operacións Pagadas	Importe Pagos Realizados	Ratio Operacións Pendentes	Importe Pagos Pendentes	Período Medio de Pago
Deputación de Pontevedra	Agosto	13,7500000000	3.036.179,94	13,2800000000	2.707.795,17	13,5284350201
Escola de Enfermería	Agosto	4,000000000	2.077,97	0,0000000000	0,00	4,0000000000
Consorcio de Incendios e Salvamento	Agosto	9,8800000000	33.986,43	0,0000000000	0,00	9,8800000000
Consorcio Deza Tabeirós	Agosto	4,7700000000	8.667,49	0,0000000000	0,00	4,7700000000
TOTAL			5.192.452,69		1.789.078,20	13,4904799584

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):KYFEI8F33IR4ONAM

En base aos cálculos detallados neste informe ponse de manifesto que se cumpre co período medio de pago legalmente previsto".

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, na sesión ordinaria do día 18 de setembro de 2026 tomou coñecemento do contido do informe da Intervención sobre o período medio de pago a provedores correspondente ó mes de agosto de 2026 da Deputación Provincial de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e do Consorcio contra incendios do Deza e Tabeirós-Terra de Montes.

De conformidade co disposto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira e no Real Decreto 635/2014 de, 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas, o Pleno queda enterado do contido do informe de Intervención sobre o período medio de pago a provedores correspondente ó mes de agosto de 2026 da Deputación Provincial de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e Salvamento e do Consorcio contra incendios Deza e Tabeirós-Terra de Montes.

12.8739.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS PRESIDENCIAIS

Acceso ás intervencións:
https://depontevedra.seneca.tv:443/s/HrOzZauoJV6pN0Hkfc16I4BNj5v6OQXMXGW8ZbcqI2u1fZsg

Queda enterado o Pleno das seguintes:

a) Relación de extractos de Resolucións Presidenciais rexistradas electrónicamente do mes de agosto de 2026.

b) Relación de extractos de Resolucións do ORAL do mes de agosto de 2026.

13.8740.- ROGOS E PREGUNTAS

Acceso ás intervencións:

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):KYFEI8F33IR4ONAM

https://depontevedra.seneca.tv:443/s/T2SUI5iZsI1kXwBYzGbBT6EfC8vEpjPLscq6UsEwrjs67UWi

Sr. Presidente.- E punto número 13, Rogos e Preguntas. Ten a palabra a voceira socialista Ana Laura Iglesias.

Sra. Iglesias González.- Si, Presidente. Antes de facer a última pregunta que nos queda, das tres que temos este grupo, foron presentadas onte en tempo e forma dúas preguntas para ser respostadas neste Pleno, entón non sei se quere que fagamos primeiro a pregunta que nos queda e despois respostar as tres seguintes.

Sr. Presidente.- Faga primeiro a que, espere, espere, espere, espere. Ten a palabra o deputado Paco Ferreira.

Sr. Ferreira González.- Quero preguntar si esta, ¿este Goberno provincial vai avisar polo menos con catro días de antelación, como esixe nos seus convenios, cando vaian a facer unha visita institucional a calquera concello de Pontevedra?, porque hoxe fixeron unha visita ás nove da mañán e avisáronnos onte, por exemplo, en Gondomar.

Sr. Presidente.- Pregunta feita. Con respecto a esas dúas, pois ao mellor tamén é froito da antelación. E xa van dous plenos seguidos, donde efectivamente o regulamento di que poden 24 horas antes formular preguntas, pero é que as preguntas se introducen na hora 23, minuto 57. Claro, entendan que, si, que as preguntas levan dous plenos do mes de setembro facendo as preguntas, que están en todo o seu dereito, que teñen que facelas 24 horas antes, pero é que se o prazo remata ás 12 da mañá, fálolle de memoria, rexistrada, ás 11,57. Si, pero entenda que moitas delas darlles esa premura para contestar é que nos é imposible. Pero van a ser todas contestadas, como non podía ser doutra maneira. Así que, ten ... Non sei se hai preguntas por parte do Bloque Nacionalista. Preguntas?. Non. Vale. Pois damos por finalizado este Pleno donde xa formularon as tres preguntas o Grupo Socialista e non habendo ningún. Moi boa tarde a todos e a todas. Boa finde.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente, sendo as trece horas e cincuenta e oito minutos do expresado día, dáse por rematada a

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):KYFEI8F33IR4ONAM

SECRETARÍA XERAL
Pazo provincial, Avda. Montero Ríos, s/n,
36071 Pontevedra
Teléfono: +34 986 804 100
secretaria.xeral@depo.gal • www.depo.gal

sesión e dela esténdese a presente Acta, que asinará o Ilmo. Sr. Presidente comigo, a Secretaria, que dou fe.

De conformidade co establecido no Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, incorpórase á acta da presente sesión do Pleno desta Deputación do 25 de setembro de 2026 o arquivo audiovisual resultante da gravación da sesión, co nome "Pleno ordinario 25-setembro-2026", que se conserva nos servidores desta Corporación, garantíndose a súa autenticidade e integridade co seguinte código de integridade SHA512-
de5fa9230a908287210423a2fb5f5624d30e5447f7a232c051a4cd7d054b450d
4a58d150a427136fea02f1875f5245593732fc5032d15b0271f4b3b2e1bda1fb
xerada coa aplicación de firma electrónica Autofirma desenvolvida polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

No soporte audiovisual quedan recollidas as intervencións as/os señoras/es deputadas/os que participaron nas deliberacións a modo de diario da sesións.
O arquivo audiovisual pode consultarse no portal web corporativo da Deputación de Pontevedra e na URL directa:
https://depontevedra.seneca.tv:443/watch?id=MGRjYzY1ZjMtZDE5Yy00Y2RmLWIwYjItZTE1NzY1MmRjOGIx

- Minutaxe

00:00:01 - Asistentes : López Diéguez, Luis; Secretaria; Interventor; Guisasola Padín, Marcos; Tourís Romero, Javier; Castillo Amigo, Juan Pablo; Bouzós Barros, Paula; Martínez Chantada, Ricardo; Álvarez Carrero, Roberto José; Vázquez Almuíña, Jesús; Cachafeiro Anta, Belén; Lorenzo Alonso, Manuel Alejandro; Ramallo Vázquez, María Pilar; Domínguez Artime, Rafael; Cubela López, Jorge; Sánchez Méndez, Luisa María; Rivas Gómez, Digna Rosa; Iglesias González, Ana Laura; Agís Gómez, Gregorio Luís; Ferreira González, Paco; Mejías Sacaluga, Ana María; Gómez Díaz, Gorka; Gómez Prado, Carlos; Iglesias Mougán, Javier; Rodríguez Rodríguez, Nuria; Rodríguez Pumar, María Manuela; Ortega Iñarrea, María; Mosquera Lorenzo, César; Lomba Rodríguez, Beatriz.

00:02:27 - López Diéguez, Luis

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):KYFEI8F33IR4ONAM

00:02:35 : 1. Aprobación do borrador da acta da anterior sesión extraordinaria de 11 de setembro.

00:02:51 : 2. Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 8/2026 (Exptes. 2026067514-2026065310).
00:03:00 - Cubela López, Jorge
00:04:27 - López Diéguez, Luis
00:04:33 - Mosquera Lorenzo, César
00:08:12 - López Diéguez, Luis
00:08:17 - Iglesias González, Ana Laura
00:13:11 - López Diéguez, Luis
00:13:17 - Cubela López, Jorge
00:16:20 - López Diéguez, Luis
00:16:32 - Mosquera Lorenzo, César
00:19:34 - López Diéguez, Luis
00:19:39 - Iglesias González, Ana Laura
00:22:27 - López Diéguez, Luis
00:22:33 - Cubela López, Jorge
00:24:43 - López Diéguez, Luis

00:25:49 : 3. Aprobación da prórroga do Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra (Exptes. 2024062370-2026068719).
00:26:03 - Cubela López, Jorge
00:29:08 - López Diéguez, Luis
00:29:13 - Mosquera Lorenzo, César
00:31:49 - López Diéguez, Luis
00:31:54 - Iglesias González, Ana Laura
00:32:55 - López Diéguez, Luis
00:33:08 - Cubela López, Jorge
00:35:47 - López Diéguez, Luis

00:35:59 : 4. Adxudicación do acordo marco que rexerá a contratación do sistema de impresión e dixitalización para as entidades locais da provincia de Pontevedra (Exptes. 2026067513-2026048674-2025077421).

00:36:20 : 5. Aprobación definitiva do proxecto construtivo "Mellora da mobilidade peonil na EP-5201 Arbo-Cabeiras-Barcela, do p.q. 0+000 ao p.q. 0+200 (Concello de Arbo)", do expediente de expropiación e resolución de alegacións (Expte. 2026023792).

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):KYFEI8F33IR4ONAM

00:36:51 : 6. Proposición da Presidencia para a ampliación da relación de cargos políticos co réxime de dedicación exclusiva (Exptes. 2026067793-2025070722).
00:37:17 - Cubela López, Jorge
00:37:54 - López Diéguez, Luis
00:37:59 - Mosquera Lorenzo, César
00:39:46 - López Diéguez, Luis
00:39:53 - López Diéguez, Luis
00:40:04 - Iglesias González, Ana Laura
00:42:30 - Cubela López, Jorge
00:44:24 - López Diéguez, Luis
00:44:28 - Iglesias González, Ana Laura
00:44:46 - López Diéguez, Luis

00:45:05 : 7. Moción do Grupo Provincial do Partido Popular (PP) para instar ao Concello de Vigo ao desbloqueo dos convenios pendentes de asinar do ano 2026 que suman 5 millóns de euros (Expte. 2026068724).
00:45:27 - Sánchez Méndez, Luisa
00:50:58 - López Diéguez, Luis
00:51:01 - Mosquera Lorenzo, César
00:55:42 - López Diéguez, Luis
00:55:46 - Iglesias González, Ana Laura
01:00:57 - López Diéguez, Luis
01:01:20 - Sánchez Méndez, Luisa
01:04:26 - López Diéguez, Luis
01:04:41 - Mosquera Lorenzo, César
01:07:29 - López Diéguez, Luis
01:10:55 - López Diéguez, Luis
01:11:00 - Sánchez Méndez, Luisa
01:13:21 - López Diéguez, Luis

01:13:46 : 8. Moción do Grupo Provincial Socialista (PSdeG-PSOE) para reclamar á Xunta de Galicia un sistema transparente, obxectivo e equitativo na distribución dos recursos procedentes do canon da auga e do canon de xestión das depuradoras (Expte. 2026068039).
01:14:03 - Gómez Prado, Carlos
01:18:56 - López Diéguez, Luis
01:19:05 - Cubela López, Jorge
01:24:42 - López Diéguez, Luis
01:24:49 - Gómez Prado, Carlos
01:27:57 - López Diéguez, Luis

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):KYFEI8F33IR4ONAM

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 27/10/2026 12:41

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 27/10/2026 12:34

01:28:03 - Cubela López, Jorge
01:28:18 - Cubela López, Jorge
01:29:56 - López Diéguez, Luis
01:30:03 - Gómez Prado, Carlos
01:32:24 - López Diéguez, Luis

01:33:14 : 9. Moción do Grupo Provincial Socialista (PSdeG-PSOE) para esixir da Deputación que impulse e execute as actuacións pendentes nas estradas provinciais EP-4306 en Mondariz e EP-2108 en Gondomar (Expte. 2026068037).
01:33:32 - López Diéguez, Luis
01:33:36 - Agís Gómez, Gregorio Luís
01:37:31 - López Diéguez, Luis
01:37:36 - Cubela López, Jorge
01:40:29 - López Diéguez, Luis
01:40:36 - Agís Gómez, Gregorio Luís
01:43:01 - López Diéguez, Luis
01:43:04 - Cubela López, Jorge
01:46:16 - López Diéguez, Luis
01:46:22 - Agís Gómez, Gregorio Luís
01:48:11 - López Diéguez, Luis
01:49:43 - López Diéguez, Luis

01:49:57 : 10. Asuntos fóra da orde do día.

01:50:05 : 11. Dar conta do informe de Intervención sobre o período medio de pago a provedores correspondente ó mes de agosto de 2026 (Exptes. 2026067515-2026065934).

01:50:27 : 12. Dar conta das Resolucións Presidenciais.

01:50:32 : 13. Rogos e preguntas.
01:50:46 - Iglesias González, Ana Laura
01:51:10 - López Diéguez, Luis
01:51:15 - Ferreira González, Paco
01:51:31 - López Diéguez, Luis
01:54:36 : [FIN]

-- o --

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):KYFEI8F33IR4ONAM